



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso de verán sobre aspectos urbanísticos do turismo

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e xestión das entidades locais

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	6
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2001
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

As tendencias e preferencias tradicionais do turista cambiaron nestes últimos anos. Agora van encamiñadas cara a outros tipos, como o turismo rural, o deportivo, tanto costeiro coma de interior, o cultural, de puro ocio (de aí a aparición dos parques temáticos), simplemente gastronómico, invernal, etc. Estas novas tendencias deben ser tidas en conta á hora de planificar as necesidades formativas, económicas, industriais, pero tamén deben terse presentes as dotacións e infraestructuras que equilibren a demanda á oferta coa calidade necesaria. E é aquí onde o urbanismo, no seu máis amplo sentido, está chamado a xoga-lo esencial e determinante papel que imos estudar. É imprescindible a conxunción de turismo e urbanismo á hora de lograr un turismo lóxico, respectuoso co medio e de calidade, e son as administracións xestoras do urbanismo as que deben coñecer as súas necesidades e busca-la mellor solución e a forma de aplicalas mellor.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

PROGRAMA

Trataranse estes temas:

- A Lei de ordenación e promoción do turismo de Galicia e o seu desenvolvemento regulamentario. Empresas e actividades turísticas.
- A construción de instalacións turísticas e o territorio: réxime xurídico dos usos urbanísticos e construcións permitidas en solo non urbanizable.
- O réxime xurídico das costas e a súa influencia no urbanismo turístico.
- Réxime xurídico dos portos deportivos.
- Implicacións urbanísticas da lexislación turística.
- Reflexións sobre o futuro turístico e a necesidade de adecuación das normas urbanísticas para o cumprimento dos devanditos fins.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Número de prazas: limitado á capacidade do local.

3. DATOS EDICIÓNS**SADA**

LOCALIDADE: Sada

INICIO / FIN: 18/07/2001 a 19/07/2001

NUM. PRAZAS: 150

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

Auditorio da Casa da Cultura; avda. do Porto, s/n, Sada (A Coruña)